

# Altamira



**CONCELLO DE BRION**

SEPTEMBRO-1986

ANO II

Nº 4

PINTURA \* DECORACION

**SANTIAGO OTERO**

**TODO EN DROGUERIA** PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14 - bajo  
Teléfonos 563713 - 594449

SANTIAGO

## SUMARIO

	Páxina
Editorial .....	2
Entrevista .....	3
Reportaxe .....	5
Noticieiro .....	9
Pasatempos .....	14

# Editorial

## O comezo do curso

No mes de setembro, co remate do verán, comeza un novo curso escolar que ven a alterar novamente o ambiente familiar onde tódolos rapaces prepáranse para o seu traballo particular que é o estudo.

Os pais, neste intre, amosan máis a súa preocupación polos estudos do seu fillo que ó longo de todo o curso, tratando de que o seu rapaz non repita e atrase un ano, e na procura de tódolos libros, libretas, e todo o variado material que os novos sistemas educativos fan necesarios.

Os profesores acoden o Colexio coa nostalxia dun verán, aínda preto e reflexado, na maioría, nas bronceadas peles que amosan, e no que disfrutaron nunha san despreocupación e unha libre folganza, despois de todo un curso sometidos á carga de responsabilidade que a educación dos nosos rapaces lles impón.

Nos primeiros días véñse polo Colexio os primeiros alumnos que veñen a pasaren a purga dos exames de setembro, marchando coa incertidume de se terán que repetir ou non.

A mediados de setembro, cando comeza realmente o curso, a maioría dos nenos coa natural consciencia fronte ó traballo que lles espera ó longo de todo un ano, chegan ó Colexio contentos e ávidos e descubren tódalas novidades —xeralmente poucas— que o Colexio ofrece dun ano para outro.

Cada ún deles pregunta por aquilo que máis lle agrada do Colexio: "se vai haber deporte", "se segue o seu profesor preferido", "se se vai facer excursión...". E un xeito de asegurarse a si mesmo que íxo ben en voltar, xa que non había outro remedio.

Os nenos novos, e tamén máis meniños, expresan os grandes bágoas que rodan polas súas carañas, o

medo a un Colexio tan grande e a un mestre que non coñece de nada. Trata así de evitar quedar soño, sen o coidado especial da súa nai, entre tantos nenos diferentes e con unha persoa que descoñece e o atemoriza.

Os que levamos varios anos acudindo a este primeiro día de curso, estamos afeitados a ollar todas estas esceas que compoñen o ambiente peculiar do comezo de curso no Colexio, e no que se sente, nun rebumbio de xente que espera, como nenos e profesores van e veñen nun desorde habitual, tratando de afacerse canto antes ó lugar caracterizado todo o ano polo imperio dun traballo sistemático.

Dentro do Colexio, mistura de mestres, nenos, asignaturas, programas educativos... sintese ese afán por poñer en marcha esa gran máquina rutinaria de educación pola que se escapan cada ano, debido ás grandes lagoas que deixan entre si o montaxe das distintas pezas que configuran un Colexio, moitos rapaces que fracasan nos seus estudos.

Un novo curso comeza... e moitos rapaces, aínda que non o saiban, van sinalados dende a súa entrada, para un posible fracaso, por un sistema educativo que non está aínda totalmente preparado para responder axeitadamente a cada personalidade individual, e a cada ambiente familiar que moitas veces non lles ofrece nin o material necesario, nin a tranquilidade indispensable para un bo rendemento nos seus estudos.

Pero... a pesares de todo, namentras cada rapaz, ano tras ano, soportando os rigores do frío e a choiva nas paradas dos autobuses, superando as cada vez máis complexas tarefas escolares e aproximándose cada vez máis a unha comprensión veraz e preocupada da súa realidade, acoda ó Colexio, estaremos axudando a poñer en marcha o tren do noso futuro.



## ANTONIO VICENTE FERREIRÓS: *un cuarto de século de labor pastoral*

Antonio Vicente Ferreirós, o cura que xa cumpriu as súas bodas de prata como sacerdote, leva xa 14 anos ó servizo da parroquia dos Anxeles.

Naceu en Catoira no ano 1938 e fixo parte dos estudos eclesiásticos no seminario de Santiago; fixo a licenciatura en teoloxía na Universidade Pontificia de Salamanca e —xa ordeado sacerdote— diplomouse en Socioloxía en Roma. É un home afable, bo conversador e dinámico, de profundos coñecementos e longas experiencias. Foi seis anos coadxutor na parroquia de Marín e logo veu para Santiago como Consiliario Diocesano dos Movementos Especializados de Acción Católica Obreira. Foi cinco anos Arcipreste da Amaía e oxe reparte o seu traballo entre as parroquias dos Anxeles e Boullón e as clases de relixión no Instituto Politécnico Rosalía Castro de Santiago. É tamén membro do Consello de Presbiterio da diocese.

— Sr. Ferreirós, polo seu amplo expediente académico (licenciado en Teoloxía e diplomado en Socioloxía), vostede ten unha sólida formación humanística. ¿Xúrdelle a vocación relixiosa como froito das súas experiencias humanas ou, viceversa, as súas inquiredanzas humanas xurden da vocación relixiosa?

— Non hai relación de causa-efecto. A vocación e as inquiredanzas humanas son algo que van medrando e madurecendo ca fe. Os grados académicos son o de menos. O ter estudiado en Santiago, Salamanca e Roma non cabe dúbida de que me deu unha maior amplitude de miras, pro o fundamental é que nada do humano lle sexa alleo ou indiferente a un home de fe.

— Vostede é tamén profesor de Formación Profesional. ¿En que medida se complementan ou se opoñen estas dúas funcións?

— O contacto frecuente con mozos de 14 a 20 anos penso que é

enriquecedor para calquera persoa e moito máis para un crego, que debe de estar ó día do que acontece no mundo para descubri-los signos dos tempos, tempos, isto é os sinais da presenza de Deus no mundo.

— ¿Que busca e que lle ofrece ós demais desde a súa profesión relixiosa?

R.— Trato de amosar que a mensaxe de Xesús de Nazaret é unha mensaxe de amor, de liberación, de paz. O cristianismo non é unha cadea que nos asoballa, como poden pensar algúns, senon un camiño, unha vía de liberación.

— A súa parroquia de orixe é Catoira. ¿Cal ou cales foron os motivos que determinaron o seu afinamento na parroquia dos Anxeles?

R.— Pura carambola, na que os acontecementos, non sendo favorables á miña persoa, deron conmigo na parroquia dos Anxeles sen eu coñecela, nin pedila, nin incluso desexala. Deus escribe dereito con carreiros tortos.

— ¿Considérase definitivamente afinado aquí, ou está na súa mente a posibilidade dun novo traslado de parroquia?

— Só está afinado definitivamente aquel que repousa no camposanto.

— Unha das primeiras medidas que tomou vostede ó facerse cárrego da parroquia dos Anxeles foi suprimi-los aranceis (pago polos servizos relixiosos). ¿Cal foi a razón?

— As connotacións negativas que teñen os aranceis. Nós somos dispensadores dun "produto" que ten un gran valor, pero que non ten precio. E aínda que os aranceis non son propiamente o precio, facilmente se pode confundir, e somos moitos os que na Igrexa non queremos esta confusión.

— ¿Como se sostén agora a parroquia?

— Eu son profesor de F.P., e é do que vivo. Os gastos normais da parroquia (sacristán, luz, conservación dos templos, etc) sufrárganse coa aportación voluntaria dos fieis na misa do domingo. Cando hai necesidades extraordinarias, prantéxanse na Asamblea Parroquial e, se se ve conveniente, xurde unha comisión que se encárga de arrecada-los medios. Así por exemplo, hai pouco que se fundiron tres campás.

— Algunhas parroquias, sobre todo nas cidades, substituíron os aranceis polo cobro dunha cuota mensual. ¿Que opina deste sistema?

— Tal como vostede o prantexa, o cobro dunha cuota mensual non me parece axeitado. Gustaríame máis a

voluntaria aportación dos cristianos. É doado que os crentes sintan a obriga de soste-las necesidades materiais da súa igrexa. Os xeitos poden ser moi diversos segundo o determine cada comunidade.

— Ó longo da súa vida poido observar que a Igrexa institucional evolucionou dun "clericalismo tridentino" —misas en latín, intransixencia dogmática, gran poder clerical con forte participación en tódalas esferas do poder: político, económico, militar...—, cara unha igrexa máis progresista e participativa, con un cada vez maior protagonismo en toda a problemática social. ¿Como asumiu vostede ese profundo cambio anovador?

— A Igrexa débese estar reformando sempre. Hai épocas nas que o fermento da reforma é moi pouco vigoroso e outras nas que o vento renovador sopra coma un vendaval. Desde o comezo da segunda metade deste século, séntese xermolar a cotío e por todas partes o espírito renovador que logo o Concilio Vaticano II asumiu. Esta primavera retardouse en España polas connotacións socio-políticas de todos coñecidas. Eu tiven a sorte de formarme dentro desa expectativa anovadora.

— O novo espírito renovador quedou plasmado nas conclusións do Concilio Vaticano II. Vostede, que participou activamente na difusión da nova corrente —de feito foi dos primeiros curas que dixeron a misa en galego—, ¿considera todo un fito na historia da Igrexa este Concilio? ¿Por que?

— Sen dúbida. Os concilios anteriores eran para precisa-la doutrina ante a desviación dalgún herexe. O Vaticano II fíxase máis ben na Igrexa como comunidade de crentes ou "pobo de Deus", que entra en diálogo serio e profundo consigo mesma, con Deus e co mundo actual.

¿O galego na liturxia? É este un reto fundamental da pastoral en Galicia. E é triste dicir que son moitos cregos que non se decatan diso. O galego, que é o modo habitual de expresármonos, non pode ser discriminado nas nosas celebracións. O Concilio Pastoral de Galicia recomendou insistentemente; pero parece que está a quedar en papel mollado.

— ¿As iniciativas de vostede na parroquia —biblioteca, atención á xuventude, actividades ó ar libre, etc.—, obedecen a este espírito do Concilio?

— Tódolos anos, ó comezo do curso, fago unha programación de diversas actividades: unhas son estritamente pastorais e outras que poden

non parecelo, pero que tamén son actividades pastorais coma as que Vde. menciona. O cristianismo é amor que se vive en comunidade, e moitas desas actividades van en función de gañar ese obxectivo. Ó mellor, non se fai todo o programado: este ano, por exemplo, tiñamos programado unha peza teatral con adultos e un campeonato de fubito infantil, que quedaron sen facer. A ver se para o próximo curso se fan.

— O Concilio Vaticano II propiciou tamén unha maior participación do laicado dentro da Igrexa. En España, dada a limitación de liberdades pola ditadura, foi aproveitada esta apertura da Igrexa para a creación de auténticas plataformas políticas de oposición ó réxime de Franco, utilizando as igrexas como locais de reunión clandestina. ¿Resistíuse moito a participación do laicado coa chegada da democracia?

— Algunhas institucións eclesiásticas foron os únicos marcos onde había un certo ámbito de liberdade. Pode ser que algunhas persoas participasen nelas máis pola liberdade que se respiraba nelas que polo seu compromiso cristiano. Ó restablecérense as liberdades, algúns pasaron a aquelas institucións nas que podían exercer-lo labor para o que se sentían vocacionados: sindicatos, partidos, etc. Teña en conta que o Concilio rematou no ano 65, e a democracia instaurouse en España dez anos despois. Non é un segredo para ninguén que moitos dos actuais dirixentes nos distintos ámbitos da vida pública formáronse nos diversos movementos de Acción Católica dos anos 60.

— O Padre franciscano Leonard Bolf, do Brasil, do que tanto se fala ultimamente, é un teórico da "Teoloxía da Liberación", que se define como "unha opción preferencial polos pobres" ¿Por que atopan tanta oposición as súas teorías con este Papa?

— Houbo problemas ó principio. As últimas noticias sobre este asunto son que o P. Leonardo Bolf e o seu irmán Clodovis lle escribiron en maio unha carta ó cardeal Ratzinger, na que acollen con gozo o novo documento vaticano "Liberdade cristiana e liberación", no que se asume a Teoloxía da Liberación.

— Un sector importante de crentes ten a sensación de que, ca elección deste Papa, estamos vivindo un proceso de retroceso do espírito do Vaticano II, ¿Que pensa vostede desto?

— Esa sensación podía habela ata a celebración do Sínodo de Bispos do ano pasado, que lle dou un novo pulo á renovación promovida polo Concilio.

Isto non quer dicir que na Igrexa non haxa persoas e institucións ás que lle gustaría que o Concilio non se tivese celebrado e que fagan de constante freo ás súas decisións.

— A falla dunha familia, uns fillos... ¿fai que se sinta máis só?

— Hai persoas que están moi rodeadas de xente e sintense interiormente moi soas, moi ailladas. Todo depende da riqueza interior de cada un. Eu, que vivo só, considero moi útiles, casi imprescindibles, eses espazos de soedade que me serven para ler, estudar, rezar ou reflexionar.

— ¿Nalgún momento da súa vida tivo o que se chaman crises de fe? ¿Como as resolveu?

— Romano Guardini definía a fe como a capacidade de soporta-las dúbidas. A fe é unha aventura, unha aposta de futuro. Polo tanto, é lóxico que haxa momentos de dificultade, que, se un é humilde e acode ó Señor e ó Evanxelio, sempre atopa respostas.

— Como responsable espiritual dunha comunidade, ¿cales son as súas principais preocupacións?

— Trataré de resumir-lo en súas frases: Que se coñeza a Deus tal como nolo revelou Xesús de Nazaret e que nos amemos coma irmáns.

— Sentíuse moitas veces desanimado no seu traballo e tentado a deixalo?

— Moitas veces. Cando non che sae unha cousa como a proxectas, sénte-lo desacougo do fracaso. ¿Tentado a deixalo? Non tanto, máis ben a traballar noutra tarefa.

— Que pensa dos seus fregueses en particular e dos veciños de Brión en xeral?

— Penso que son persoas coma todas, coas súas virtudes e os seus defectos.

Quixera, con todo, suñar algo que me preocupa: a pobreza cultural na que se move a xuventude e, por outro lado, as poucas gañas de saír dela. Un dato indicativo: os poucos mozos e mozas que seguen estudos medios estando como estamos a un pé de Santiago e a ausencia total en estudos superiores. Nesto estamos peor que no pasado. Agroman iniciativas por parte de institucións, pro o grave é que non teñan a incidencia e resposta que deberían ter.

— Moitas grazas polas súas respostas.

— A vostedes...

## A FESTA DA FROITA: un encontro acompañado de música e folclore



lados para levar adiante un espectáculo brillante e extraño nun medio rural caracterizado pola rutina parsimoniosa que imprime na xente o ritmo vital do traballo da terra.

No Colexio de Pedrouzos, Maruxa, a conserxe, multiplicase para dispor de todo o necesario no comedor que vai a dar cabida a preto de cincocentas persoas que xantarán e cearán nese axetreiro día.

Ramón, o cocifeiro, supervisa as mercancias que van a converterse no variado menú co que se vai agasallar ós visitantes, e distribúe ordes as axudantes da cocina para que todo estea disposto á súa hora.

O equipo de traballo da cocina, a maioría deles colaboradores de sempre, manifestan certo pesar por non poder nunca olla-lo espectáculo: "a nós tócanos traballar para que isto se poida facer tódolos anos. Só sentimos que a pesares do traballo, nunca poideramos ve-lo espectáculo, que din que cada ano vai a mellor...".

Maricarme inquirille ó Alcalde, que está supervisando os preparativos, polos estranos ingredientes que lle demandan os grupos participantes para elabora-los exóticos platos que servirán para a mostra gastronómica do día seguinte.

Manolo e Luciano están enfrascados no Almacén municipal preparando os grandes carteis conmemorativos.

Manolo, sen levanta-la cabeza, bromea sobor o seu traballo de reprodución en mural, do cartel conmemorativo da VII Romaría. "Xa ves, nunca estiven tanto tempo pintando o indio...", facendo alusión ó motivo alegórico do cartel no que se representa a un indio azteca como símbolo da romaría deste ano, adicada a México.

Santos, o palista, baixo un sol de rigor, rega co tractor o campo de fútbol e o recinto da carballeira de Santa Minia onde se van a desenrola-los diferentes actos. Deste xeito, ó día seguinte, non se levantará o pó ó paso da moitedume de xente que recorrerá a carballeira visitando as casetas e ollando os espectáculos, facéndosele máis agradable a estancia.

Hipólito, traballa na colocación dun gran esceario no campo de fútbol e

## VII romaría internacional / 86



Este ano, o Concello de Brión foi o esceario escollido para a inauguración da VII Romaría Internacional que se fai coincidir, dende hai seis anos, coa máis tradicional e local "Festa da Froita", e na que se pretende render homenaxe a un dos produtos máis característicos do noso Concello.

A Festa da froita, pretende tamén, nun sinxelo xesto de comunicación e irmandade, servir de medio de acercamento a tódalas comunidades do mundo acollendo entre todos nós, ós diferentes grupos folclóricos que cada ano veñen a representa-las diferentes

comunidades e culturas espalladas neste cada vez máis coñecido e pequeno mundo no que vivimos.

A linguaxe común da música e da danza xungue nunha romaría colorista e bulideira as distintas culturas, costumes e falas, facéndonos sentirnos por momentos cidadáns do mundo e acertadas as distancias temporais e físicas que separan os diferentes pobos.

Dende a vispera, o visitante, apercibido polos ecos que este singular acontecemento estende polos Concellos viciños, decátase, nun ir e vir de xente atarexada, dos esforzos desenro-

## Festa da froita



Hacia o solpor un gran autocar trae os grupos participantes para que teñan un primeiro contacto co noso Concello. Os grupos participantes baixan do autocar entre cansos pola longa viaxe, e sorprendidos polo medio que os contempla entre distante e tímido.

O Conselleiro de Cultura, Alejandro Fernández Barreiro, o presidente da Diputación Provincial da Coruña, Enrique Marfany, o noso Alcalde, así como os alcaldes de Santa Comba, Melide e Carballiño deron a benvida e agasallaron ós diferentes grupos ofrecéndolles distintos regalos. O mesmo tempo, recollían tamén varios detalles ofrecidos por cada representación ante a presenza de tódolos medios de comunicación, prensa, radio e televisión. Comenzaba en Brión a VII romaría internacional que durante un mes irá recorrendo diferentes Vilas de Galicia levando unha mensaxe de irmandade o traveso de toda unha variada mostra Cultural itinerante.

Ó mesmo tempo dirixe as cuadrillas de traballadores que dispoñen a colocación de sillas que van servir de asento ás preto de 4.000 persoas que se espera acudan a presenza-lo espectáculo da tarde.

Ramón en toda a noite só fará un alto para ir á súa casa a muxi-las vacas. Maruxa, pola mañá cedo voltará á súa casa para darse unha ducha e seguir traballando. Ó día seguinte as 24 horas quedarán cortas, e non hai lugar para o descanso...

O día da romería amañece brumoso e fresco. Nun primeiro intre ún tivo a sensación de que o tempo non ía axudar. Un mal día desluciría toda a vistosidade do encontro e augaría todo o esforzo desenrolado.



Pola mañá, á beira da Capela de Santa Minia, pódose contempla-lo raro espectáculo de "loita canaria" e o xogo dos "palitroques" tamén de raigame canaria.

As once da mañá, as diferentes casetas do arredor da carballeira abriron as súas fiestras e estenderon ante os ollos dos visitantes máis madrugadores, toda unha variada mostra de produtos típicos e artesanais. Un podía mercar dende un collar ata zapatos tradicionais yugoslavos, ou degustar desde un apetitoso pulpo á feira, ata os picantes "chiles rellenos" de México.

O chega-lo mediodía, os diferentes grupos comenzaron a desfiar hacia Pedrouzos aguilloados polos primeiros síntomas da fame e do cansancio.

Na piscina municipal, namentras esperabamos o noso turno da comida, refrescándonos dos calores de xusticia dun espléndido día veraniego, escoitamos a escoita-las coplas andaluzas que amenizaban a comida e facíanlle máis levadeiro o intenso traballo ás cuadrillas de voluntarios que tiñan ó seu cárrago todo o servizo do Comedor.

Fóra da casa do Concello, na carballeira, tódolos veciños e visitantes, alleos ás ceremonias oficiais daban vida á romaría: mercado produtos, ollando con curiosidade tódalas casetas, facendo comentarios e lembrando as experiencias pasadas nas últimas romarías.



## Festa da froita

**O** rematar de comer, outra vez preto da Capela da Santa deu comenzo un extraño ritual protagonizado polo grupo de voadores de México.

Antes de plantar un poste de ferro de 24 metros de alto, poidemos ollar coma un indio oriundo de México, danzaba arredor do burato e enterraba unha galiña viva facendo unhas ablucións con auga bendita e un ramo de flores. Despois sobre o lombo aínda quente do animal, nun ritual máxico-relixioso, ergueron o poste de ferro.

Todo este complexo espectáculo de preparación, así como a contemplación daqueles homes que ataviados con vestidos típicos ascendían o alto do poste o son dunha flauta e un pequeno tambor, para descender nunha serie de voltas arredor do poste atados pola cintura, amosouse máis a un número de circo que a un verdadeiro ceremonial relixioso tal como nós o entendemos.

Nembargantes, o que para nós foi un espectáculo, encerraba unha gran riqueza simbólica asociada ós ritos cerimoniais da fertilización agrícola e vixentes noutras culturas.

Nunha serán morna, música e danza de diferentes lugares do mundo xunguíronse nun mesmo escenario, cheo de vida, ritmo e colorido, para ofrecernos, nun inolvidable espectáculo, a expresión máis viva e a manifestación máis solidaria de cada unha das súas culturas.

Ata a caballeira de Santa Minia espallábanse os sons e acordes de países lonxanos: ledas e agarimosas cancións de México, vibrantes e acompañados sons xugoslavos, trepidantes ritmos e melosas cancións de Oceanía e familiares coplas andaluzas.

Co solpor, a romaría alcanzaria o seu cénit, coa mostra folklórica dos diferentes grupos que, ó traveso da linguaxe común de música e da danza, expresaron o seu xeito peculiar de pensar, sentir e vivir.

O grupo "Te Ivi Maori" das illas Cook, dirixido por Ngarima George; o ballet "Frula" de Yugoslavia, dirixido por Dragoslav Dzadzavic; o ballet folklórico de Huahuchinango-Puebla México, dirixido por Elías Guerra; o ballet folklórico da Universidade de Colima-México, dirixido por Rafael Zamarripa; o grupo os Olivos de Jaén, que dirixe Conchita Alamos; xogos populares como o grupo de "voadores de México"; Centro Universitario do Xogo dos palitroques da Universidade da Laguna-Tenerife e o Centro Universitario de Loita Canaria, da mesma Universidade; así como diferentes mostras de gastronomía e cerámica de Extremadura e Andalucía visitarán durante este mes dez vilas galegas: Brión, Carballiño, Chantada, Melide, Celanova, Santa Comba, Pontearreas, Sada, Villalba, rematando este ano na Vila de Verín en Ourense o día 27 de Xullo.



## Festa da froita



Actuación trepidante e variada do ballet xugoslavo "FRULA", dirixido por Dragoslav Dzadzavic.

O espectáculo rematou para a maioría dos miles de persoas que encheron o recinto con comentarios abertamente satisfactorios e xente visiblemente contenta namentras camiñaban hacia a saída dos autobuses, postos gratuitamente polo Concello para traer e levar os viciños que non iñan medios propios para acudir a este encontro.

O ballet da Universidade de Colima (México) pechou a mostra despedindo a Romaría ata o ano que ven.



Un momento da actuación do grupo "Te Ivi Matori" das Illas Cook.

Despois da saída dos autobuses, outra vez un grupo reducido de xente comezou a tediosa labor de recollida de instrumentos, material técnico e todas as sillas espalladas polo campo de fútbol.

Algúns queixábanse con razón: "sempre somos os mesmos..." namentras carrexaban para o Colexio os centos de sillas das aulas e carregaban nun camión outros centos delas que foron alugadas para o espectáculo.

Nestes momentos de traballo solidario é cando se pode apreciar o auténtico carácter popular dun goberno, e ollar ó Alcalde e Concellais, xunto coas súas mulleres, codo con codo cos demais viciños apilando e transportando as sillas. Tampouco me quero esquecer do noso ilustre viciño, Enrique Gómez Reino, recentemente nomeado para o cárrago de Vocal maxistrado do Tribunal da Defensa da Competencia que, coma un viciño máis, traballaba no carrexo de sillas.

Namentras un vai para a súa casa, pensa cantas veces os espectadores non nos decatamos do enorme esforzo que hai detrás das cousas que amablemente nos ofrecen os demais. Nalgúns casos, aínda saímos facendo comentarios indignos de pequenos fallos sen reparar que a nós dánolo todo feito, sen pedirnos a cambio nada máis que pasemos ben e entretido un bo rato.



# NOTICIEIRO

## Eleccións de membros do Consello Escolar



O longo do mes de maio, tiveron lugar no Colexio de Brión en diferentes actos electorais as eleccións dos diferentes membros que compoñerán o Consello Escolar.

Os diferentes membros elixidos para o Consello Escolar terán un mandato de dous anos. As baixas que se produzan antes da expiración do prazo legal, cubriranse cos membros do sector correspondente que alcanzaron o maior número de votos entre os elixidos.

O Consello Escolar é o órgano supremo de goberno e de participación dos diferentes sectores do Centro Educativo e ten sinaladas as seguintes funcións:

a).- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico de profesores e alumnos de acordo co establecido no plan anual do Centro.

b).- Mante-la orde Académica do Centro.

a).- Elixir-lo director e o equipo directivo por el proposto.

b).- Propoñe-la revocación no nomeamento do director, logo do acordo dos seus membros adoptado por maioría dos dous tercios.

c).- Decidir sobre a admisión de alumnos con subsección estricto ó establecido nas disposicións

legais vixentes.

d).- Resolve-los conflitos e impoñe-las sancións en materia de disciplina de alumnos, de acordo coas normas que regulen os dereitos e deberes dos mesmos.

e).- Aproba-lo proxecto de presupuesto do centro.

f).- Aprobar e avalia-la programación xeral do centro que, con carácter anual elabore o equipo directivo.

g).- Elabora-las directrices xerais para a programación e desenvolvemento das actividades complementarias, visitas e viaxes, comedores e colonias escolares.

h).- Establece-los criterios sobre a participación do centro en actividades culturais, deportivas, e recreativas, así como accións asistenciais as que o centro podería presta-la súa colaboración.

i).- Establece-las relacións de colaboración con outros centros con fins culturais e educativos.

l).- Aproba-lo regulamento de réxime interior do centro, elaborado por unha comisión designada para iso polo propio Consello Escolar, de entre os seus membros, na que se garanta a representación dos distintos sectores da comunidade escolar con presenza no mesmo.

ll).- Promove-la renovación das instalacións e equipo escolar, así como vixia-la súa conservación.

m).- Supervisa-la actividade xeral do centro nos aspectos administrativos e docentes.

n).- Emitir informes sobre a memoria anual das actividades e situación xeral do centro.

ñ).- Propoñerlle a administración calquera medida que contribúa a un mellor funcionamento do centro.

### COMPOÑENTES DO CONSELLO ESCOLAR

#### Profesores:

Director: Javier de Salvador G.  
Xefe de estudos: M.<sup>a</sup> Isabel Costoya H.

Secretario: César Vidal L.  
M. Carmen Quintela  
Carmen Agra César  
Amalia Canay Pérez  
Hortensia Perianes Delgado  
Antonio Bretaña Novoa  
M. Carmen López Carril

#### Representante do Concello:

Ramón Rodríguez Romanis

#### Persoal de servizos:

Ramón Tüñez Valiñas

#### Alumnos:

Oscar Montero Cancela  
Juan Manuel Pais Villar  
Juan José Sánchez Chico

#### Pais:

José Caramés Vázquez  
Esther García Martínez  
M.<sup>a</sup> Josefa Nimo Nimo  
Antonio Baños García  
Federico Castro Baños

## Adxudicación de 3 paradas de taxis

Acábanse de adxudicar por sorteo entre os concursantes tres prazas de taxis que quedaran vacantes no noso concello. Corresponderonlle a Xosé Luis Iglesias Bello, de Brión, Manuel Sabugueiro Neo, da Luaña, e Manuel Señorís Malvárez, dos Anxeles. Despois de térense adxudicado estas tres prazas, quedou outra máis vacante e cóidase que pode quedar algunha máis, que se anunciarán oportunamente.

Este Concello na actualidade conta con 12 prazas de taxis coas que se mantén un servizo bastante satisfactorio, aínda que houbo problemas con algunhas paradas (e algún aínda queda) que non atendían o servizo.

## Carnets para o uso das piscinas

Por segundo ano consecutivo, o Concello de Brión esixiu para o acceso libre ó uso das piscinas municipais durante o presente verán a adquisición dun carnet expedido polo Concello e que se adquire mediante o abono de 200 pesetas nas dependencias municipais.

Iste ano nembargantes, aumentaron o número de solicitudes de carnets que alcanzou a cifra de cincocentos.

Os cartos recaudados coa expedición dos devanditos carnets, adicanse a axuda-los gastos de mantemento e reparacións que tódolos anos, antes de comenzo o verán se fan en tódalas piscinas.

O funcionamento de tódalas piscinas, durante o verán foi totalmente normal levándose a cabo, como en anos anteriores, cursiños de natación en todas elas.

Ó principio solo presentou problemas a piscina de Bastavales, na que se observaba a periódica inundación da sá depuradora que ocasionaba danos na maquinaria reguladora. Para corrixir este defecto, procedeuse ó comenzo do verán ó traballo de aillar completamente a devandita depuradora, funcionando desde entón con completa normalidade.

# NOTICIEIRO

## No Colexio de Pedrouzos: clausura dos "XV Xogos Escolares do Tambre"



A nova e xoven profesora do quinto nivel, foi a presentadora deste emotivo acto de Clausura dos Xogos Escolares, que tivo lugar no Colexio de Pedrouzos ante numerosos alumnos e profesores de tódolos colexios participantes.

O último día de maio, no colexio de Pedrouzos, tivo lugar a solemne clausura dos XV Xogos Escolares do Tambre, dos que este ano o noso Colexio foi a organizativa.

Para a Clausura destes Xogos, invitouse a representantes dos pais, destacados industriais, e autoridades das distintas entidades e organismos oficiais, moitos dos cales declinaron por diferentes motivos a súa presenza nos diferentes actos.

Sobre as once da mañá, no patio exterior do colexio, e ante unha chea de nenos, profesores e pais, comezaron os distintos actos da clausura, que principiaron coa entrega de premios da Ase Cultural destes Xogos na que competiron nas modalidades de Debuxo e Redacción, divididos nas oito categorías en que se agrupan os niveis de I.X.B., nenos e nenas de tódolos colexios participantes.

Na especialidade de redacción hai que destacar os resultados de Negreira, premiado en dúas categorías e os do Colexio de Portomouro, só en catro.

Na especialidade de Debuxo, destacan sobre tódolos colexios os cinco premios outorgados ó Colexio de Bertamiráns, o Colexio de Brión, nestas probas tivo uns discretos resultados.

Despois da entrega destes premios comezaron as diferentes

actuacións dos distintos grupos artísticos ofrecidos polos diferentes Colexios para amenizar este acto, aportando música, ritmo, colorido e sobre todo, o esforzo desenrolado para adquiriren o grado de perfeccionamento que amosaron tódolos grupos.

Actuou, en primeiro lugar, o grupo de guitarras e coro do Colexio público de Bertamiráns. A continuación, o colexio de Urdilde ofreceu unha mostra de baile moderno.

Actuaron tamén o grupo de gaitas do Colexio de Pino de Val, o coro do Colexio de Negreira, a banda e coro do Colexio de Portomouro, rematando as actuacións para este día.

Coa presenza das autoridades educativas —Inspección e Dirección— acompañados da presidenta da asociación de pais, fíxose entrega dos trofeos ós campeóns absolutos da fase deportiva, na que o noso Colexio, por moi pouca diferenza obtivo un merecido segundo posto, detrás do xa veterano campeón Colexio Santa Comba. En terceiro lugar, e xa moi distanciado, clasificouse o colexio de Negreira.



Un intre da actuación da banda infantil do Concello da Baña, que sempre conquire despertar enorme expectación.



Actuación do Coro de Negreira que amosou unha perfecta conxunción de voces, anque deficiencias do equipo de sonido impediron apreciar toda a súa laboriosa preparación.



A actividade deportiva foi durante este ano a gran protagonista do Colexio

Con un emotivo discurso de despedida, douse por rematado, todo un ano de esforzo organizativo, traballo deportivo e sacrificio económico que lle reportou ó noso Colexio unhas notables melloras nas súas instalacións deportivas, unha mellora no ordeamento e adementamento do patio, contando agora con zonas axardinadas e numerosas arbes que circundan o patio, e que só esperan a súa vixilancia e coidado.

# NOTICIEIRO

## Obras na Igrexa de Viceso



A igrexa de Viceso é un magnífico exemplar de estilo barroco serodio que se pode encadrar na escola do arquitecto compostelano Simón Rodríguez

Por iniciativa do novo cura D. Manuel Canedo, a parroquia de Viceso está en obras para reparala igrexa. Había tempo que non se lle puxera man. Primeiro, os viciños fixeron unha limpeza a fondo, logo o Concello pavimentou o adro, agora están co tellado e o campanario, que pagan os fregueses. É importante o sacrificio que están a facer, pois o presuposto supera o millón de pesetas e a parroquia conta con 106 casas. A colaboración foi entusiasta en xeral (sempre hai algunha mala abella nun enxamio: son eses que viven nunha comunidade para servirse dela, pero nunca a sirven).

A colaboración neste tipo de obras ten que ser de todos, pois a igrexa dunha parroquia non lles interesa só os crentes como centro de culto, senon que, por regra xeral, o templo parroquial centra a vida dunha comunidade: darredor da igrexa xogamos de pequenos, ali bailamos de mozos nas festas e ali unha lápida velará o noso soño eterno. A igrexa é o edificio máis noble dunha parroquia, que garda tesouros da arte e da historia e é a proba de que a comunidade seguirá próspera no futuro: o campanario para unha parroquia é como o capitán nun barco a pique; éste só abandona-

rá o barco cando non queden tripulantes a bordo; o templo parroquial co seu campanario só se derrubará cando xa non quede unha alma na freguesía.

Do ben documentado libro "El Arte religioso en la Mahía, de Gloria Gende, anotamos que a igrexa foi construída en tres etapas: á primeira, que abarca desde o ano 1781 ó 1785, corresponden a fachada, a torre e a tribuna, todo elo executado por Luís Villar. Á segunda, 1832-1835, a capela maior e a sancristía. Á última, 1873, o cruceiro e o corpo da igrexa. Os sucesivos párrocos promotores das obras foron: D. Manuel Pastoriza Taboada, D. Manuel María de Pájaro e D. Pablo Garrido.

O Libro de Fábrica da parroquia recolle na súa memoria do ano 1832 a seguinte queixa: "Otros muchos gastos que hice yo Rector como ha sido público y notorio, teniendo además todo el tiempo de la obra al Maestro que la dirigía en mi casa con quien tube bastante que sufrir por no querer sugetarse al plano... siendo la falta más notable de la de esta Capilla la de haberle rebajado tres cuartas de alto por la parte interior y dejar abatidas las lunetas por cuya razón los tragaluces no guardan proporción".

## Apertura dunha importante pista en Ons



A escola de párvulos e Cíelo inicial de Tembra-Boullón, amosa desde este verán unha cerca que axudará á vixianza e coidado dos nenos namentras estean na escola.

O verán, que para moitos centros de traballo supón a paralización da súa actividade a chaque das vacacións, nos nosos encellos rurais, no tocante a obras, acostuma sela época máis movida aproveitando o bo tempo. En Brión, nos últimos meses na rede de comunicacións, a empresa Egosa construiu a pista que comunica Ons con Agrón, pola que os viciños levaban agardando máis de 30 anos e acaban de celebra-la súa apertura con unha cea en homenaxe ó Alcalde a que asistiu a maior parte da parroquia. É moi importante tamén a pista Cristimil-Nináns, que permitirá leva-lo transporte escolar ós lugares de Cristimil, Espiñeiros, Vexo e Nináns. A mesma empresa encargouse tamén das pistas de Beca-Río Tinto, Guisande-Reboredo, Bábenco-San Salvador, Bemil-Osebe-Casaldocero, Vilar-Esparís, San Salvador-Vilas, Piñeiro-Sanín, Busto de Frades e Goiáns.

Estase realizando un novo plan de ampliación de alumados públicos: agora só quedarán sen servizo algunhas casas moi ailladas.

Os obreiros municipais acaban de pintar e reparar tódalas escolas e fixeron obras importantes na de Tembra e Cornanda: na primeira acondicionouse o campo de xogo e na



O verán trae case sempre unha gran actividade de apertura de camiños e arreglos de estradas.

segunda preparouse o terreo anexo para campo de festas. Están tamén asfaltando camiños nas aldeas de Pousada, Vilar, Vexo, Espiñeiros, San Salvador e Alqueidón e, ó remateren, empezarán co bacheo das pistas municipais.



## Plan municipal para a recollida do lixo

Por fin, o Concello está realizando un estudo para poñer servizo de recollida de lixo ("basura") en tódalas aldeas do Municipio. Póida que para o ano próximo se estea funcionando.

É unha necesidade que se viña sentindo desde hai uns anos, non só polos inconvenientes que para moitas familias supón o non teren onde desfacerse do refugallo que cada día se vai producindo nas casas, senón pola impresión de deixamento que dá ve-las beiras dos camiños convertidos en cagastrais.

A sociedade de consumo na

que vivimos crea tal cantidade de desperdicios que custa traballo desfacerse deles. Antes non era así: as sobras da comida aproveitábanas os animais, plásticos e cristais non había, e os papeis queimábanse. Agora non se dá abasto e faise indispensable poñer remedio.

Mentes que o Concello pon en marcha o servizo, ben será que todos vaíamos tomando conciencia de que —por vivirmos na aldea— non se pode tira-lo refugallo en calquera sitio. Os nosos agros e os nosos camiños teñen dereito a estar tan limpos como as rúas das cidades.

## Viaxes Culturais da Terceira Idade

Por fin, este ano, pódese poñer en marcha unha vella idea da Corporación Municipal, de organizar excursións para os vellos (acostuma chamarlle á vellez terceira idade, coma se ser vello fora unha deshonra: terán que avergoñarse os vellos que non pegaron golpe durante a vida, pero os demais merecen o respecto e o agarimo de todos, porque gañaron a vellez a pulso).

Convén dicir que estas viaxes non queren entrar en competencia cos excursións parroquiais tan tradicionais na nosa terra e que, xeralmente organizadas polos curas, foron sempre unha boa desculpa para poñer sobre rodas as parroquias enteiras, vellos, mozos e nenos.

Para empezar, elixiuse un itinerario que parecía atralnte e pouco coñecido pola maioría da xente, que chamamos "Ruta do Riveiro". Son puntos máis importantes de visita, despois dunha primeira parada en

Lalin para toma-la mañá: o Mosteiro de Oseira, que os frades amosan con agarimo e onde se poden mercar recordos, obxectos de devoción e un licor feito polos propios monxes seica moi indicado para constipados; o Carballiño, co seu Balneario; para remata-la mañá co xantar, en Ribadavia; a tarde adicaselle a Ourense, en visitas á Cidade dos Muchachos, a fonte das Burgas, a Catedral, etc.

Desde o mes de xuño, están saíndo cada sábado ás oito da mañá os xubilados dunha parroquia no autobús municipal. Da xenio ve-las súas caras de satisfacción, moitos deles cos seus 80 anos ben andados. Valoran, aparte do itinerario e os lugares que visitan, a exquisita atención que reciben por parte de Mari Carme —que os vai acompañando— e máis de Santos —o conductor—.

Despóis deste itinerario, irán vindo outros, segundo o tempo o permita.

## Inauguración do Centro Médico dos Anxeles



O novo centro médico dos Anxeles ofrece unha bela mostra de combinación exquisita entre a tradicional arquitectura popular e os novos estilos funcionais.

Dentro do plan de mellora do Servizo de Sanidade que dende hai varios anos estase a levar no noso Concello, foi inaugurado recentemente o Centro Médico dos Anxeles co que, a partires de agora, poderá contar toda a parroquia.

Seguindo este mesmo plan de mellora do Servizo de Sanidade, abriuse hai dous anos o Centro Médico da Luaña e o ano pasado o da parroquia de Bastavales, rematando, este ano

co máis recente, e de nova creación, na parroquia dos Anxeles.

Hai que suliñar, neste importante logro para a parroquia, o interés posto polo Sindicato Agrícola dos Anxeles para que esta obra se poidera levar adiante, ó ceder gratuitamente a autorización para a súa construción enriba do seu local social.

Esta importante obra, supón un gran Servizo ós viciños.

## Festas en honor de Santa Minia

A Romaría de Santa Minia stá á porta. Este será o programa: coma sempre, haberá nisas cada hora o 26, o 27 e o domingo 28. Por mor da reordenación que se está a facer na Carballeira e para evita-los arullos das atraccións, seguirán celebrándose no exterior da apela, pero ó pé desta, deixan- o toda a Carballeira para as aetas.

Cóntase coas seguintes

actuacións: día 26, grupo de gaitas Os Xaneiros e a orquesta

á media noite, fogos de artificio e queima da fachada; o 27, Os Xaneiros, Banda A Unión de Guláns e a orquesta Chicos del Jazz; o domingo, 28, é o día do deporte: pola mañá, maratón popular, á tarde carreiras de cabalos nas Torres de Altamira, e á noite, baile coa actuación do conxunto Os Burdons.

## Actividades de verán para os nosos nenos

### Campamento Infantil



Durante o verán as piscinas municipais aportan ós rapaces o lugar de xogo, esparcemento e diversión máis san, barato, refrescante e seguro entre tódolos que se poidan atopar de preto.

### OS CURSIÑOS DE NATACIÓN

O mes de xullo, desde hai cinco anos, está reservado para os cursiños de natación: máis de 300 nenos de 5 a 14 anos aprenden a nadar ou perfeccionan as súas habilidades nas tres piscinas de Brión, Os Ánxeles e Bastavales. Da gusto ve-lo día da clausura un enxamio de rapaces de tódalas parroquias ca súa pel moura do sol a pelexaren pola medalla que os acredite como campeóns na súa categoría: o de menos é que gañen; o de máis é que disfrutan todo o mes, aprenden, relaciónanse...

Creemos que val a pena o esforzo económico que lle supón a un concello de poucos recursos coma o noso organizar este tipo de actividades, miormente polo beneficio dos nenos, que por seren pequenos, moitas veces son os peor tratados pola sociedade. E non é barato, pois, entre pagar profesores, vixiantes, produtos de depuración das piscinas, transporte gratuito para os nenos das parroquias que non teñen piscina, enerxía eléctrica, etc., non chega un millón de pesetas ó ano, e o que se ingresa por entrada a piscinas e unha pequena subvención da Consellería de Cultura, non alcanza 300.000.

Con todo, hai quen non o ve así: sabemos de pais que recean de mandaren ós seus fillos ós cursos de natación porque (incomprensiblemente) non perdan de traballar, ou para que atendan a seus irmáns máis



O campamento é tempo de praia, de xolda, de convivencia e de apertura a novos ambientes. Son días que os nenos viven con intensidade e que logo recordarán con agarimo. Xeralmente sinten máis os pais a ausencia dos nenos da casa do que éstos a morriña por voltar a ela.

pequenos; outras veces é o castigo por mal comportamento ou por suspender. E isto non pode ser: se fora lexítimo castigar, nunca podería o castigo supoñer unha mingua nas oportu-

nidades de desenvolvemento do neno. Mesmo hai parroquias —curiosamente aquelas en que os nenos menos oportunidades teñen de saíren e de relacionarse— nas que apenas se rexistra asistencia.

Agosto é o mes do Campamento (seguimoslle chamando así porque os primeiros anos se fixo con tódalas da lei: tendas de campaña, cociña ó ar libre...). Medio cento de rapaces saíron o día 1º para pasaren 14 días de veraneo no Colexio do Pindo, en Carnota. O tempo non axudou moito, pero non se pasou mal e houbo tempo para todo: praia, xogos, veladas, teatro, talleres de manualidades, subida á Laxe da Moa (641 metros de altura), excursión en coche a Muxia, Camariñas e Cabo Vilano, algunha baila nas festas do pobo e nas organizadas no propio Colexio, feira de variedades, na que por poucos "pindólares" — a moeda acuñada a drede para o Campamento— se podía participar nas máis insospeitadas atraccións...

En xeral, o campamento está pensado con uns criterios pedagóxicos moi abertos: por enriba de todo, quérese que os nenos se divirtan, pero tamén que aprendan, que se manifesten, que participen nas decisións que se toman, que convivan... Temos moitas testemuñas de pais expresando a madurez que experimentaron os seus nenos de volta do campamento.

Cómpre salientalo traballo desinteresado dos monitores (a maior parte mozas e mozos viciños do Concello) que cada ano pasan o tempo das súas vacacións aturando de gratis ós nenos. Tamén é de xusticia expresa-lo agradecemento pola afabilidade das xentes onde se acampa, e moi especialmente ós viciños do Pindo, e ó Alcalde de Carnota e Directora do Colexio de Pindo polas facilidades que deron.

Con este, van xa seis anos de Campamentos Infantís no Concello de Brión e, na medida do posible, intentouse non repetir tódolos anos o mesmo sitio para que os nenos poideran viviren distintos ambientes e trataren con xente distinta. Así, os dous primeiros anos estiveron en San Vicente do Grove, logo no Porto do Son e en Sada, e os dous últimos anos no Pindo. O ano que ven, Deus dirá.

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL



## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

## Mesón - Parrillada A' Roda Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elexir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA




**LA VASCO  
NAVARRA**  
SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

# PASATEMPOS

### CUADROGRAMA



### VERTICAIS:

- 1.- Poñerse peor.
- 2.- Meter unha cousa debaixo da auga - A.
- 3.- Votar flores.
- 4.- Manoxo de flores - IH - Afirmativo.
- 5.- Embelece - TD.
- 6.- Sirve para colgar - OA
- 7.- Exténdese ó ancho - RD.
- 8.- Recobra o alento.E

### PARA CAVILAR

1.- Tres amigos van tomar café a un bar. O pagar, o camareiro cóbralles 10 pesetas por cada café. O dono do café, ó darse conta que eran clientes da casa, das trinta pesetas dos tres cafés, devólvelles un peso.

O camareiro co peso que lle devolve o dono, ve que non o pode repartir entre os tres, polo que decide quedarse con dúas pesetas e devolverlle unha peseta a cada un dos tres amigos. Deste xeito, cada ún veu pagar nove pesetas polo café, e os tres cafés saírian en total en 27. Se o camareiro quedouse só con dúas, fan 29. ¿onde vai a peseta que falta para ter as trinta pesetas do principio?

### SOLUCIÓNS OS ANTERIORES PASATEMPOS

1	2	3	4	5	6	7	8	
1	A	M	E	N	E	I	R	O
2	N	I	N	O	P	I	E	L
3	I	S	A	T	O	B	A	L
4	M	I	N	A	T	O	X	O
5	A	L	A	R	A	R	S	E
6	L	E	R	I	A	N	T	A
7	E	S	E	A	V	A	N	O
8	S	O	S	P	E	I	T	A

### Para cavilar:

A pregunta que fai o sabio a cada ún dos gardas é a seguinte:

¿"Se eu lle preguntase ó teu compañeiro cal é a porta de saída para a rúa, o teu compañeiro que me respondería"?

Aínda que o sabio non saiba quen é o mentireiro e quen di a verdade, os gardas si o saben, e polo tanto os dous sinalarán a porta falsa, se a pregunta se lle fai para saber cal é a porta falsa, os dous sinalarán a verdadeira. Deste xeito, a pregunta formulada así, obriga a mentir ós dous gardas, polo que haberá que facer o contrario do que digan.

### ORIZONTAIS:

- Caer por un lugar fraguento.
- Natural de Muros - E.
- Metal pesado - NCF.
- Marchaba - Zapato vello.
- (O revés) Refuto. HEL.
- Anaco de leña. OAG.
- Agora.
- Pouco común.



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

**Construccions**

**FRAGA**

Obras de Albañilería en xeral  
**BRION**



**GALLINA BLANCA  
PURINA**

**COMERCIAL AGRICOLA  
DA MAHIA, S. L.**

*Teléfono 88 32 50*

**OS ANXELES  
BRION**



*Carpintería - Mobles - Electrodomésticos*  
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PANADERIA

**SERRAMITO**

*Os Anxeles-Brion*

Tel. 88 31 55



ASOCIACION CIVIL  
AMIGOS DE SANTIAGO

**Restaurante  
"O' FUMEIRO"**

CARACAS - Venezuela

*(Concesionario: Juan Fresco Fernández)*

MARCELINO  
LEMA  
LOBATO  
**LEMA**



ASERRADERO  
ASTILLADORAS  
MADERAS

Fábrica y Oficinas:  
Telf. (981) 883034 - Part. 590191  
**BASTAVALES - SANTIAGO**  
(Coruña - España)



**Pirotecnia "LOPEZ"**

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

# Banco Español de Crédito, S.A.

“BANESTO”

*A Organización Bancaria, que axiña se poñerá a disposición da comarca da Amaía na nova Sucursal que ten proxectado abrir en BRION - Santa Minia.*

ARTE  
EN  
PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

FERRETERIA “SANTA MINIA”

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
*Brion (Santa Minia)*

Materiais para Construcción e Saneamento, Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal, Droguería, Papelería, Obxectos de Escritorio, Traídas de Auga, etc.

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

**Hnos. GENDRA**

Fábrica y Oficinas:  
BASTAVALES

SANTIAGO

**EGOSA**

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA